

## ÚNETE A NÓS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A reflexión da semana:

### **A VIOLENCIA XERA DOR E MORTE**



**Que se conmemora o día 25 de novembro e por qué? E como a define a ONU.**



O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller conmemórase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.



A convocatoria foi iniciada polo movemento feminista latinoamericano en 1981 en recordo da data na que foron violentamente asasinadas, en 1960, as tres irmáns Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), activistas políticas, na República Dominicana, por orde do dictador Rafael Leónidas Trujillo.



No 1999 a xornada de reivindicación foi asumida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 54/134 o 17 de decembro, entendendo por violencia contra a muller:




*«todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da súa liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada»*

E a definición de violencia de xénero segundo a Lei Orgánica 1/2004 Art 1, de Protección Integral contra a Violencia de Xénero:

- *“Todo acto de violencia (...) que, como manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre éstas por parte de quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou de quen esté ou estivera ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda que sen convivencia. (...) que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”*

## Diferencia sexo-xénero



## Suxestións audiovisuais



### UNHA CURTAMETRAXE:

*"El orden de las cosas"*

De César y José Esteban Alenda

### UNHA MINI REPORTAXE:

*"Guía para entender que es la violencia de género"*

TVE a la carta



"Íbamos a ser reinas"

De Nuria Varela

Publicado en Penguin



"Una puerta violeta en la pared"

Rozalén

## E un poema:

### AMORES CATIVOS

Rosalía de Castro

*Era delor i era cólera  
era medo i aversión,  
era un amor sin medida,  
era un castigo de Dios!*

*Que hai uns negros amores de índole pezoñenta  
que privan os espritos, que turban as concencias,  
que morden se acariñan, que cando miran queiman,  
que dan dores de rabia, que manchan e que afrentan.*

*Mais val morrer de friaxen  
que qentarse á súa fogueira.*